

## Letras Galegas no Gaíás: Ricardo Carvalho Calero

### I- EVOCAZÓN DA INFÁNCIA PERDIDA

¿ En qué recanto do tempo  
está soterrado o cadáver da miña infancia?  
Da choiva rexurdadeira da lembranza  
defende-o un teito de teas de araña:  
a tea de araña do esquecemento,  
a tea de araña da lonxanía,  
a tea de araña do sufrimento:  
triple teito impermeábel e rejoy.  
Eu, neno, matei a miña infancia  
co coitelo da miña gravidade.  
No relógio adiantado da miña vida,  
a agulla da miña vontade  
asinalaba a hora da colleita  
cando aínda non era  
a hora da sementeira;  
asinalaba a hora do roibo amor  
cando era a hora do branco jogar;  
e ateigado cedo da ciencia da dor,  
o meu rouxinol  
puxo-se a cantar  
aínda antes de aprender a voar.  
Cando era a hora do viver,  
foi para min a hora do coidar.  
¿Cómo tornar as agullas do tempo  
a marcar no relógio da miña vida  
a hora da alba?  
¿Cómo tornar a corrente do río  
polo quenlle enriba?

¿Cómo torná-la?  
Eu atingin uns ollos ingénuos  
e un corazón enxebre de treboadas.  
Enche-o a esperanza  
como unha água clara.  
Un corazón naipe, de cristal e de prata.  
Uns ollos rebuldeiros  
que aínda non cobellaron nengunha image ma.  
¿En qué curruncha do tempo  
está soterrado o cadáver da miña infancia?  
¿No cabo de qué camiño cego?  
(Ollos e corazón ao jeito dela:  
por-llos quero a esa morta, e que resuste.)  
A ese recanto do tempo  
vai-se por un escuro túnel  
que percorre a lembranza como un vento.  
Mais a entrada desa vía está fechada,  
fechada por un valo de teas de araña:  
a tea de araña do esquecemento,  
a tea de araña da lonxanía,  
a tea de araña do sufrimento:  
triple valo inexorábel e rejoy.

(Vieiros [1931], en *Pretérito imperfecto* [1927-1961], 1980)

#### II-

Concibo nesta obra a historia da literatura galega como a esposición das realizacións e do desenrolo da fala galega no orde literario. Íste é o senso mais doado e natural que cabe atribuir á expresión “historia da literatura galega”. Técnicamente, é o idioma empregado o que caracteriza ás distintas literaturas. Cando falamos da literatura alemá, non coidamos nos poemas que escribiron en francés Goethe ou Rilke. As novelas de Pierre Loti pertencen á literatura francesa, inda que se desenrole a súa acción en países esóticos. Nen a nacemento do autor nen os ambientes son criterios axeitados pra determinar a incursión das obras dentro dos marcos dunha ou outra literatura. Os Seis poemas galegos, de Federico García Lorca, son literatura galega. *La colmena*, de Camilo José Cela, é literatura castelá, malia o novelista ter nado en Padrón. Por moi galego que poda ser o mundo de *Los pazos de Ulloa*, tampouco compre crasificar esta obra dentro da literatura galega. Entendo por literatura galega a literatura en galego. É certo que durante os séculos XIX e XX o espírito galego se ten espresado non só en galego, senón tamén en castelán, e temos escritas neste derradeiro idioma algunhas obras nas que se espellan certos aspectos da vida galega con nidez e fondura innegabres. Isto só significa que a literatura castelá posee libros de tema galego, e que moitos galegos teñen ilustrado as letras castelás. Hai unha ricaz produción en castelán, como en latín, de escritores de nacemento galego. Mais esa produción corresponde á literatura latina ou á castelá en cada caso.

(*Historia da literatura galega contemporánea*, 1963)

#### III-

“Daquelas que cantam as pombas e as frores  
todos dim que teñem alma de mulher.  
Pois eu que n’as canto, Virge da Paloma,  
ai!, de que a terei!”

O poema está singularmente bem elegido para encabeçar o volume. Rosalia regista o feito de que unanimemente se une à idea da mulher-poeta umha temática ligeira, em que dominam os motivos doces, amáveis e ternos. Carolina Coronado, umha das grandes poetisas românticas espanholas, escreveu versos dedicados a páaros e flores. Isto é o esperado na sociedade do seu tempo. Rosalia é outra cousa. Rosalia – agora - está longe dos motivos convencionais femininos. Agora, porque no seu libro inicial, *La flor*, cantou certamente as pombas e as flores. Lembremos os títulos de dous poemas: “La rosa del camposanto” e “Dos palomas”. Mas a Rosalia de *La flor* “la señorita Rosalía de Castro”- é umha pré-Rosalía. A Rosalía de 1880 nom se reconhece na moça que chega a Madrid em 1856 saturada de romantismo ao uso. Agora nom canta as pombas e as flores. Logo, nom tem alma de mulher? De que a terá, pois?

Nom hai dúvida de que o poema é irónico. Mas se por umha banda pode supor umha crítica da ideia que a sociedade tinha da mulher, confinada como objecto estético, ainda no labor intelectual, ao recanto do leve, infantil e ornamental, por outra apresenta-nos Rosalía plantejando-se a si mesma o problema da influência do sexo no trabalho poético. Terá ela, verdadeiramente, umha alma feminina, cando se comporta de forma tam oposta ao que do seu sexo se espera? Em todo caso, Rosalía enxerga de algum jeito a verdade. Rosalía, como poeta, é assexuada. Em *Folhas novas* nom hai arrols de pombas nem abalos de flores, ao menos como motivos substantivos poéticos, como os pode haver na poetisa de Almendralejo. Mas tampouco hai ardentes suspiros de amor, como em Safo, e nas entom futuras musas do modernismo sul-americano. Ainda bem, nom hai tampouco em Rosalía notas poéticas de masculinidade. Em Rosalía hai energia, mas é umha energia que nom comporta a incisiva fúria viril. A poesia de Rosalía é simplesmente humana.

(“A poética de *Folhas novas*” [1980], en *Letras galegas*, 1984)

IV-

Escena VI

*O Prisioneiro*

*(O prisioneiro marca un número no disco do teléfono. Non contestan. Desliga. Entra o oficial).*

Escena VII

*O Prisioneiro, o Oficial*

**O Oficial.-** Bos días. Aínda que non é corrente que visite os prisioneiros, hoje quero facer unha excepción polo feito de tratar-se dun cumpreano e polo feito de tratar-se de vostede. Ao cabo, vostede é o fillo do noso Director, e merece toda a consideración do Corpo. Receba, pois, a miña felicitación máis sincera e respeitosa. Aproveito a ocasión para lle perguntar se ten algunha queixa do seu Guardián, ou se algunha das circunstancias da súa vida non se ajeita, na súa opinión, aos regulamentos ditados pola Superioridade.

**O Prisioneiro.-** Señor Oficial, quixera obter unha audiencia do Director.

**O Oficial.-** ¿Para formular unha queixa? A comida ¿non é boa? A calefacción ¿insuficiente? O toque de diana ¿intempestivo? O Guardián ¿irrespetoso?

**O Prisioneiro.-** En nada diso reparo. Mais necesito falar co Director.

**O Oficial.-** Se non ten vostede queixa algunha que formular, ¿para que quer vostede falar co Director?

**O Prisioneiro.-** Para comprobar que existe un Director.

**O Oficial.-** Meu querido hóspede, ¿non observa vostede a existencia dunha dirección?

**O Prisioneiro.-** ¿Unha dirección?

**O Oficial.-** Efectivamente, unha dirección, unha ordenación, un sistema. As cousas non acontecen ao chou. Vostede está sometido a unhas obrigas. A súa liberdade ten uns límites. Hai un horario que rege a súa vida. Logo, hai unha dirección.

**O Prisioneiro.-** Mais ¿hai un director?

**O Oficial.-** Meu querido hóspede, se hai unha dirección, ¿como non vai haber un director? Unha orde, un sistema, supón un ordenador. Unha concorrência a un fin dos acontecementos supón unha intelixencia que estableceza esa finalidade. ¿Que lle parece?

**O Prisioneiro.-** Unha sinécdoque.

*(Auto do Prisioneiro [1970], en Teatro completo, 1982)*